



---

## A forma verbal *éste* na lírica profana galego-portuguesa\*

---

Manuel Ferreiro

Universidade da Coruña

### Resumo:

Neste artigo estúdase exhaustivamente a aparición e o uso de *éste*, forma concorrente con *é*, P3 do presente de indicativo de *seer*, na lírica profana galego-portuguesa. A través da revisión sistemática da súa aparición nos manuscritos, fica demostrada a súa vixencia na lingua literaria galego-portuguesa, así como a inexistencia dunha forma latinizante *est* que tradicionalmente fora establecida en numerosas edicións da lírica galego-portuguesa.

### Palabras chave:

Galego-portugués, edición, lírica trobadoresca, formas verbais, *éste*.

### Abstract:

*The aim of this article is to analyse the appearance and use of *éste*, concurrent form with *é*, third-person present indicative of *seer*, in Galician-Portuguese profane lyric poetry. Its validity and relevance in Galician-Portuguese literary language is proved by means of the systematic revision of its appearance in manuscripts. This revision also demonstrates the non-existence of a Latinized form *est*, which had been traditionally established in numerous editions of Galician-Portuguese lyric poetry.*

### Key words:

*Galician-Portuguese, edition, troubadour lyric poetry, verbal forms, *éste*.*

## 1. Introducción

Desde as primeiras edicións dos textos do corpus trobadoresco galego-portugués, poden rastrexarse comentarios sobre a forma de terceira persoa do verbo *seer*, que presentaba dous resultados a partir do latín *EST*. O primeiro, e maioritario, é produto

---

\* Este traballo inscribese no proxecto de investigación coordinado *Cancioneiros galego-portugueses. Edición crítica e estudo (en formato impreso e electrónico)*. Subproxecto UDC: *As cantigas de segundo cancionero aristocrático galego-portugués* (PGIDIT06CSC20401PR), subsidiado pola Dirección Xeral de Innovación Tecnolóxica da Consellería de Industria da Xunta de Galicia. Unha versión inicial do presente artigo foi presentada no XII Congreso da Asociación Hispánica de Literatura Medieval (Cáceres, 2007).

dunha evolución analóxica a partir dunha hipotética forma inicial \**es*, desaparecida pola inevitábel confluencia coa segunda persoa (<ES) a través da nivelación, con perda de -s (despois de desaparecer o -T final latino), con todas as terceiras persoas verbais, sempre acabadas en vogal nos verbos regulares e na maioría dos verbos irregulares. Alternativamente, no noso corpus trobadoresco aparece tamén unha forma *éste* que presenta unha vogal final de apoio sobre a base latina.

E así é descrito xa desde D. Carolina Michaëlis de Vasconcelos, que, cando explica a forma *éste* no glosario do *Cancioneiro da Ajuda*, afirma que “é a forma latina, a que os trovadores acrecentaram -e paragógico, visto que -t não podia ser final de sílaba ou palabra em vocábulo aporuguesados. Claro que conta por duas sílabas” (Michaëlis 1990, I: s.v. *éste*)<sup>1</sup>. Mais, por outra parte, na glosa da forma *est*, a ilustre estudosa indica tamén que “essa forma *latina* da 3 p. do pres. ind. do verbo *esse* foi empregada pelos trovadores tanto antes de vogal como antes de consoante e em fim de orações” (Michaëlis 1990, I: s.v. *est*).

Como se pode observar, Michaëlis considera a posibilidade dunha forma directamente latina ou latinizante *est* perante consoante ou en final de oración<sup>2</sup>, que unha revisión exhaustiva do corpus da lírica profana desmente, porque da análise de todos os contextos en que tal forma sería posíbel só se pode deducir que a variante *éste* é a única forma verdadeira e real alternativa á xeral *é*, aínda que moitas veces se rexistre con perda da vogal final por crase co vocábulo seguinte<sup>3</sup>.

A pesar do recoñecemento teórico da existencia desta forma verbal *éste*, a práctica da maioría dos editores da nosa lírica medieval foi a de evitar tal forma, sempre sentida como excepcional, a pesar da súa documentación firme na prosa cronística (Lorenzo 1974: s.v. *seer*), na prosa notarial (Maia 1986: 814-817) e, sobre todo, nas *Cantigas de Santa Maria*, que reflicten un uso absolutamente paralelo ao da poesía profana, cunha distribución complementaria da forma *éste* (moitas veces tamén en crase coa vogal seguinte) e da forma analóxica e maioritaria *é*. Consecuentemente, Mettmann (1972: s.v. *seer*) introduce un necesario til diacrítico, ao contrario de moitos dos editores do corpus profano, nomeadamente algúns de orixe italiana, que non marcan graficamente tal crase por consideraren que estamos perante un “latinismo relativamente frecuente nei canzonieri” (Spampinato 1987: 91).

<sup>1</sup> Na realidade, neste glosario só se recollen dous casos de *éste*, un deles a partir da corrección feita por Nobiling (1097: 355) nas súas observacións á edición do *Cancioneiro da Ajuda* (véxase nota 3).

<sup>2</sup> Talvez por iso é contradictoria no uso gráfico do apóstrofo (*est'*), só presente en dous dos dez casos citados no seu glosario.

<sup>3</sup> Para unha crítica da política editorial de Carolina Michaëlis arredor desta forma (con solucións contradictorias tanto gráfica como interpretativamente), véxase Nobiling (1907: 355), que corrixe a edición desta forma verbal nas cantigas 71, 89, 130, 182, 184, 197, 207 e 223.

Neste artigo pretendemos, pois, revisar exhaustivamente a utilización da forma *éste* (e *ést'*), que coidamos, como xa dixemos, única alternativa á xeral *é*, a partir dos contextos dos manuscritos en que tal forma sería posíbel<sup>4</sup>. Para a forma con crase da vogal final, partimos do estudo das secuencias <est + vogal>, onde sobrancean os problemas interpretativos da secuencia <esta>, que pode ser lida como simple demostrativo feminino, como P3 do presente de indicativo de *estar*, ou, finalmente, como o encontro da forma verbal *éste* co art. *a* e mais coa prep. *a*<sup>5</sup>.

## 2. *Éste* na lírica profana galego-portuguesa

No corpus profano, *éste* aparece en múltiples contextos precedendo un vocábulo iniciado con vogal, o que provoca, en xeral, a crase coa vogal final da forma verbal. O cómputo de todos os casos da poesía trobadoresca profana revela que tal crase se rexistra perante todas as vogais, sendo especialmente frecuente co adverbio *assi*, que parece suxerir certa resistencia ao encontro de *é* con este adverbio, como mostra que no corpus se documenten escasísimas ocorrencias deses contextos.

Do punto de vista cuantitativo, a crase da forma *éste* aparece frecuentemente perante as formas *o*, *a* do artigo<sup>6</sup>: 86 JSrzSom [A20, B113], v. 2: atal **ést' o** meu sén <est ol> AB; 94 JSrzSom [A28, B121], v. 13: quen / **ést' a** dona <esta> A, <est al> B; 106 NuEaCer [B133], v. 24: qual **ést' o** ben melhor <esto> B; 128 MartSrz [A41, B153], v. 5: e essa **ést' a** mia senhor <esta> A, <est al> B; 181 PGarBu [A91 (vv. 1-24), B195], v. 26: qual **ést' o** ben <est o> B; 186 PGarBu [B200], v. 5: **ést' a** máis fremosa que no mund' á <est al> B; 187 PGarBu [B201], v. 3: qual **ést' a** dona que me faz morrer <est al> B; 196 PGarBu [A103, B211], v. 2: u **ést' a** mui fremosa mia senhor <est a> A, <est al> B; 197 PGarBu [A104, B212], v. 21: **que ést' o** máis que me tolher podia! <est ol> A, <est ol> B; 199 PGarBu [A106, B214-215], v. 2: qual **ést' a** dona que quero gran ben <est ál> A, <est al> B; v. 13: qual **ést' a** dona que me faz assi <est al> A, <est a> B; 213 FerGaEsg [B229], v. 2: u **ést' a** molher que gran ben / quer <est al> B; 248 RoiQuei [A142, B263], r3: **ést' a** dona que me mata <esta> AB; 339 AfMdezBest [B377], v. 20: que **ést' a** peor / cousa <esto> B;

<sup>4</sup> Para as referencias ás cantigas, utilizamos o sistema de Jean Marie D'Heur, coas correccións incorporadas por Montero Santalla (2001: 55-101). Os criterios de edición utilizados son os propostos en Ferreiro / Martínez Pereiro / Tato Fontaña (2007).

<sup>5</sup> Unha secuencia como *está'*, crase de *está* co art. *a* é certamente rara, aínda que se pode documentar en Joan Airas (945 [B942, V530], v. 9), conforme foi establecido na súa edición crítica (Rodríguez 1980: 57, 59).

<sup>6</sup> Na transcripción dos manuscritos (A, B, V, T) desenvolvemos em itálica as abreviaturas que poden provocar dificultades tipográficas. A barra vertical indica o principio e/ou final da secuencia manuscrita.

358 FerGvzSeav [A221, B389], v. 13: u **ést' a** mui fremosa mia senhor <est al> A, <esta> B; 360 FerGvzSeav [B391, V1], v. 4: qual **ést' a** dona que eu quero ben <est al> BV; 496 Den [B498, V81], v. 16: u **ést' a** melhor / de quantas son <esta a> B, <est a> V; 562 Den [B545, V148], v. 17: qual **ést' o** vosso <estol> BV; 583 Den [B566, V169], vv. 2, 5, 7, 10: e oj' **ést' o** prazo saído / passado <lest o / lesto> BV; 663 NuFdzTor [B648/V249], v. 2: qual **ést' o** voss' amigo <esso> BV; 692 JPrzAv [A184, B677, V279], r2: qual **ést' a** dona que me faz morrer <est a> A, <est al> B, <est a> V; 742 RoEaVasc [B727, V328], v. 17: e direi eu qual **ést' a** que o diz <est al> BV; 759 JGarGuilh [B743, V345], r1: aqeste mundo x' **ést' a** melhor ren <esta> B, <lesta> V; 871 AiNz [B880, V463], v. 13: u **ést' a** dona que ren non quer dar / por min <est al> B, <est a> V; 973 AfEaCot [B971, V558], v. 16: a sa beldad' **ést' a** maior <lest a> BV; 1074 BernBon [B1072, V663], v. 6: e pero x' **ést' a** mia coita maior <lesta> BV; 1088 PArm [B1085, V677], v. 3: quen / **ést' a** dona que quero ben <Est al> B, <est a> V; 1091 PArm [B1089, V680], v. 18: quen / **ést' a** dona que m' assi faz morrer <Esta> B, <esta> V; 1113 GalFdz [B1111bis, V702], v. 14: quen **ést' a** que loei <est al> BV; 1117 Lour [B1115, V706], v. 9: d' u **ést' a** mia senhor <est al> BV; 1235 PEaSol [A282, B1219, V824], vv. 1, 7: Non **ést' a** de Nogueira <esta> AB, <est al> V / <est a> A, <esta> B, <est al> V; 1289 MartGi [B1272, V878], r2: ca ja i **ést' o** que namorei <esto> BV; 1580 EstFai [B1561], v. 4: per quant' **ést' o** que vos quero dizer <lest'o> B<sup>7</sup>; 1672 PAmigo [B1660, V1194], v. 16: qual **ést' o** mundo <esto> BV; 1682 PAmigo [V1204], r: que al **ést' a** candeia e al **ést' o** candeo <est a ... est o> V.

Do mesmo xeito, documéntase unha forma *éste* contraída coa forma *el* do artigo: 1348 JSrzPav [B1330bis, V937], v. 2: pois en Proenç' **ést' el**-Rei d' Aragon <lest el> BV.

Igualmente, aparece perante o substantivo *ome* en dúas cantigas (96 JSrzSom [A30, vv. 1-7, B123], v. 20: ca non **ést' om'** en seu poder <estome> B; 346 FerGvzSeav [A210], v. 15: ne[n] **ést' ome** nado / que o soubesse <est ome> A. E tamén a mesma crase de *éste* se produce con diversos participios: *amada* (274 JSrzCoe [A166, B318], v. 6: porque **ést' amada** <est amada> AB), *aguisado* (1502 AiPrzVuit [B1482, V1093], v. 4: que **ést' aguisado** <est aguisado> BV; 1471 JGai [B1452, V1062], v. 4: O jantar **ést' aguisado** <esta guisado> B, <esta grisada> V<sup>8</sup>); *acustumado* (1503 AiPrzVuit [B1483, V1094], v. 1: Don Martin Galo **ést' acustumado** <est acustumado> BV), *aventurado* (1555 Den [B1536], v. 24: mais se el fica ... / ...

<sup>7</sup> A abreviatura espuria podería ser un erro por til sobre *t*, coa conseguinte modificación de lectura: “per quant' **éste** o...”.

<sup>8</sup> Arrastrado pola lección manuscrita <esta guisado> de B, Lapa (1970: 304) transcribe *está guisado*, en lugar de *ést' aguisado*, como na cantiga anterior.

**ést' aventurado** <est auenturado>; 1606 PGarAm [B1596], v. 1: vej' eu que **ést' aventurado** <est auenturado> B), *omiziada* (1588 PGarAm [B1578], v. 1: Maior Garcia **ést' omiziada** <estomizia/da> B) e *apartado* (1643 Ppon [B1631, V1165], v. 8: E ben creede que **ést' apartado** <esta partado> B, <estapartado> V).

Por outra parte, *éste* aparece perante diversas formas do demostrativo: 119 PaiSrzTav [A33, B148], v. 19: E, de pran, **ést' est'** o maior / ben <est est ó> A, <e esto> B<sup>9</sup>; 482 Alf X [B484, V67], v. 27: mais muit' **ést' aquesto** peior <lesta questo> B, <lestaquesto> V; 526 Den [B528, V111, T5], v. 2: que **est' aquel'** en que vos mereci <est aquell> BVT; 823 AfEaCot [B825, V411], r1: que **ést' aquest'** ou por que o fazedes <estaquestl> BV; 1468 JGaia [B1449, V1059], v. 9: u **ést' aquela** que sa vida ten / en seu poder <est aquela> B, <est aquela> V; 1671 PAmigo [B1659, V1193], v. 13: U **ést' essa** conca bispal <estessa> BV.

E tamén se rexistra crase co pronome persoal *el* (1389 NuFdzTor [B1371, V979], v. 12: ca tal **ést' el** <est el> BV), do mesmo modo que con outras formas pronominais: *al* (821 VaPrzPard [B824, V409], v. 17: sei eu que non **ést' al** <estal> BV), *atal* (97 JSrzSom [B124], v. 21: gran coita per-**ést' atal** <per esta tal> B; 222 FerGaEsg [A122, B238], v. 8: e meu sén **ést' atal** <est atal> A, <en tal> B; 1239 JBav [B1223/V828], v. 15: meu sen **est' atal** <est atal> BV) e *ũa* (1597 AfEaCot [B1587, V1119], v. 7: E non **ést' uia** velha <estũa> BV).

Mais é, sen dúbida, especialmente frecuente esta crase co adverbio *assi*, rexistrándose no corpus profano numerosos encontros que adquiren valor formulístico<sup>10</sup>: 78 JSrzSom [B105], v. 6: e se non **ést' assi** <esta assy> B; 132 MartSrz [A45, B157], v. 15: Pois **ést' assi** <est assi> A, <estassi> B; 195 PGarBu [A102, B209-210], v. 29: se non **ést' assi** <est assi> A, <est assy> B; 291 RoEaRed [B331 e 335], v. 16: pois **ést' assi** <est assy> B; 318 JLpzUlh [A207, B358], v. 9: e pero **ést' assi** <est assi> A, <lestassy> B; 326 FeFdzCog [B366], v. 10: vedes ... que **ést' assi** <est assy> B; 328 RoEaVas [B367], v. 17: dizedes que non **ést' assi** <est assy> B; 329 RoEaVasc [B368], v. 9: sabe Deus de nós que **ést' assi** <esta ssy> B; 338 AfMdezBest [B376], v. 15: e pois **ést' assi** <est assy> B; 400 EstFai [A240, B428, V40], v. 9: diredes que non **ést' assi** <est assi> A, <est assy> BV; 405 JVqzTal [A244, B432, V44], v. 15: e, de pran, **ést' assi** <est assi> A, <estassy> BV; 419 FerVelh [A260, B437, V49], v. 3: e ja que **ést' assi** <est assi> A, <est assy> BV; 435 Anónimo [A270], v. 8: podedes entender / que **ést' assi** <est assi> A; 509 Den [B511, V94], v. 13: Grave vos **ést', assi** Deus mi perdon <estassy> BV; 552 Den [B535, V138], v. 16: pois

<sup>9</sup> É obvio que B xa implica unha forma *é*.

<sup>10</sup> A secuencia *é assi* unicamente aparece en 509 Den [B511, V94], v. 7; 754 AfLpzBai [B738bis, V340], v. 4; 808 PaiGmzCha [B812, V396], v. 9; 924 PGot [B921, V509], v. 12; 1224 PAmigo [B1208, V813], v. 14.

que **ést' assi** <estassy> BV; 557 Den [B540, V143], v. 5: pois **ést' assi** <estassy> BV; 604 Den [B587, V190], v. 4: pois **ést' assi** <est assy> BV; v. 10: pois **ést' assi** <est assy> BV; v. 16: pois **ést' assi** <estassy> BV; 636 EstGuar [B621, V222], v. 9: non **ést' assi** <estassy> BV; 771 JGarGuilh [B754, V357], v. 4: cuido que non **ést' assi** <est assy> BV; 806 PaiGmzCha [B810, V394], v. 10: e pero **ést' assi** <estassy> BV; 944 SanSchz [B941, V529], r1: sabe ben que **ést' assi** <esta ssy, estassy, estassy> BV; 975 AiEng [B973, V560], v. 17: nen sei que x' **ést', assi** m' aven <lestassy> BV; 1029 JAi [B1025, V615], r2: e semelha-mi que non **ést' assi** <estassy> BV; 1054 JAi [B1052, V642], v. 1: pois que vos **ést' assi** <est assy> BV; 1154 JServ [B1150, V743], r1: creo que non **ést' assi** <estassy> BV; 1530 FerGarEsg [B1511], v. 14: mais por que **ést' assi** <estassy> B; 1588 PGarAm [B1578], v. 17: non **ést' as[s]i** <estasy> B; 1591 AFaEaCot [B1581, V1113], v. 5: Se **ést' assi** <esta ssy> BV.

Para alén de con *assi*, *éste* aparece en crase con outras formas adverbiais, como *aqui* (789 JVqzTal [B792, V376], r1: que **ést' aqui** e quer migo falar <est aqui> B, <est aqui> V; 798 MenVqzFolh [B802, V386], v. 11: meu amigo, que **ést' aqui** <est aqui> BV; 1385 MartSrz [B1367, V975], v. 1: un mour' **ést' aqui** / fugid', e... <lestaqui> BV), *oje* (107 NuEaCer [B134], v. 26: ca este **ést' oje** o maior / ben <estoie> B; 1100 PAmigo [B1098, V689], v. 27: que non **ést' oj'** outra no mundo nada <estoil> BV), *ar* (1069 BernBon [B1067, V658], v. 9: e non **ést' ar** de vós melhor <estar> V), *ora* (957 JAi [B954, V542], v. 1: Que grave m' **ést' ora** de vos fazer <lestora> BV), *u* (712 JlpzUlh [B697, V298], r: ala **ést' u** el é <est hul> BV) e *i* (1652 PPon [B1640, V1174], v. 20: per-**ést' i** / quen tal ome por rico ten <per esty> BV).

A crase de *éste* tamén se produce coas preposicións *a* (172 PGarBu [A82, B186a], v. 22: E quant' oj' **ést', a** meu coidar, / ben per-sei eu ca non á i / coita maior ... <lest a> AB; 509 Den [B511, V94], r2: grav' **ést' a** mí <lest al> BV) e *antre* (97 JSrzSom [B124], v. 25: ca non **ést' antre** nós igual / est' amor <estantre> B).

Do mesmo xeito, son frecuentes os contextos de crase de *éste* coa conxunción *e* (véxase máis abaixo) e mais coa conxunción *ou* (179 PGarBu [A89, B193], v. 27: Joana **ést' ou** Sancha, ou Maria <est. ou> A, <est e> B<sup>11</sup>; 680 JPrzAv? [B665, V267], v. 13: Non sei que x' **ést' ou** que pode seer <lestou> BV). Finalmente, *éste* tamén aparece en crase coa interxección *ai!* (1162 JZor [B1149a, V752], v. 3: Quen **ést', ai** filha <estay> BV).

Mais é na secuencia <este> onde aparecen os maiores problemas para a correcta interpretación dos manuscritos, porque, na realidade, subxacen varias lecturas posibles:

<sup>11</sup> A lección de B (<Iohana est e Sancha e Maria>) implica crase con conxunción *e*.

- (a) *este* (demostrativo) e, tamén, *est'e* (demostrativo + conx. *e*)<sup>12</sup>;  
 (b) *esté* (P1 ou P3 do presente de subxuntivo de *seer*)<sup>13</sup>;  
 (c) *éste* (P3 do presente de indicativo de *seer*), *est'é* (demostrativo + *é*) e *ést'e* (forma verbal *éste* + conx. *e*).

Normalmente, a interpretación de <este> como forma verbal *éste* en crase coa conxunción *e* non presenta graves problemas de aceptación: 218 FerGarEsg [A118, B234], v. 4 (mia senhor **ést', e** senhor das que vi)<sup>14</sup>; 333 PMaf [B371], v. 13 (De vos pesar, senhor, ben **ést' e** prez); 367 MenRdzTen [B399, V9], v. 16 (mais cuid'eu a ir / u ela **ést', e** non poss'...); 812 PaiGmzCha [A248 e 253, B816, V400], v. 23 (que o ben **ést', e** faz gran traicion)<sup>15</sup>; 956 JAi [B953, V541], v. 9 (...meu mal **ést', e** cuido gran razon); 1247 JBav [B1231, V836], v. 16 (pera ir / u ela **ést', e** a vós non aven); 1679 PAmigo [V1201], v. 9 (contra quen sabe ond' **ést' e** onde non / é seu barnagen...).

Nos restantes casos que din respecto a este levantamento (*éste*, *est'é*) a situación é máis complexa por canto se percibe na maioría dos editores certa resistencia á consideración da presenza desta forma verbal *éste*, que é sentida como anómala, favorecendo unha interpretación da secuencia <este> como a crase da forma demostrativa de primeira persoa coa forma verbal *é* (*est' é*). Do levantamento,

<sup>12</sup> O demostrativo coa conx. *e* aparece nas cantigas 62 VaFdzSend [B89], v. 7; 80 JSrzSom [A14, B107], v. 25; 222 FerGaEsg [A122, B238], v. 9; 246 RoiQuei [A140, B261], v. 15; 255 VaGil [A147, B270], v. 10; 265 JPrzAv? [A157], v. 21; 266 JSrzCoe? [A158], v. 10; 282 JSrzCoe [A175, B326], v. 4; 286 JSrzCoe [A179, B330], v. 9; 320 JlpzUlh [A209, B360], v. 15; 393 JGarGih [A228, B418 e 426, V29 e 38], v. 22; 460 GarPrz [B465], v. 19; 697 JSrzCoe [B682, V284], v. 14; 896 MartMo? [A304], v. 9; 1116 Lopo [B1114, V705], v. 4; 1534 GilPrzCo [B1515], vv. 11, 14.

<sup>13</sup> Esta forma verbal semella escasa no corpus: 497 Den [B499, V82], v. 14; 1359 LoLias [B1342, V949], vv. 5, 15; 1588 PGarAm [B1578], v. 21. A estas ocorrencias hai que, na nosa opinión, acrecentar *esté* en 1113 GalFdz [B1111bis, V702], v. 8 (*Teen-m'en tal coita que nunca vi / om'en tal coita, pero o preit' esté: / que lhis diga por quen trob' e quen é*), tradicionalmente editado como *est' é*; mais a aparición da *é* en rima no v. 9 aconsella considerar a forma *esté* para transcribir a secuencia <este> de BV no verso anterior.

<sup>14</sup> Así é editado este verso en Michaëlis e Spampinato, mais a estrofa permite unha lectura diferente, coa presenza da forma plena de *éste*:

A melhor dona que eu nunca vi,  
 per bõa fe, nen que oi dizer,  
 é a que Deus fez melhor parecer:  
 mia senhor **éste** senhor das que vi,  
 de mui bon preço e de mui bon sên.

<sup>15</sup> De novo é posíbel outra lectura que manteña a integridade de *éste*:

E de qual eu, senhor, ouço contar  
 que o ben **éste**: faz gran traicion  
 o que ben á, se o seu coração  
 en al pon nunca senon en guardar  
 semp' aquel ben ...

que pretendemos exhaustivo, de todas as secuencias posféis, tíranse os seguintes resultados:

1. Existe un grupo de cantigas en que consideramos certa a presenza de *éste*, en principio sempre perante consoante, aínda que existan solucións contraditorias e, por veces, incomprensíbeis en diversos editores<sup>16</sup>. A súa aparición prodúcese normalmente en contextos negativos e tamén noutros onde evitar *éste* esixiría considerar unha posposición do demostrativo ao nome que no corpus trobadoresco nunca se produce<sup>17</sup>:

64 VaFdZSend [A1, B91], v. 15 <este> A, <esta> B<sup>18</sup>  
Ca non **éste** cuita d' amor  
ũa que ome filhar ven.

197 PGarBu [A104, B212], v. 18 <este> A, <est> B<sup>19</sup>  
tolhe-mi o corpo que ja nunca dia  
**éste**, nen noite, que aja sabor  
de min, nen d' al! ...

223 FerGaEsg [A123, B238bis], r1: <est e / est é> A, <hee / é> B<sup>20</sup>  
E se assi non **éste**, mia senhor,  
non me dé vosso ben, nen voss' amor!

<sup>16</sup> Consideramos unicamente as edicións da vulgata e mais as edicións críticas máis recentes, case todas elas incorporadas á compilación de Brea (1996), o cal simplifica as referencias bibliográficas. Non consideramos outras versións das cantigas trobadorescas que poden presentar formas sen fundamento textual, como ocorre, por exemplo, no v. 5 da cantiga 888 MartMo [B896/V481], que na edición de Videira Lopes aparece como “o cor m' **est** [t]am tejo”, fronte ás lecturas “o cor m' está 'n tejo” (Stegagno Pichio 1968: 179) ou “o cor mostr' antejo” (Lapa 1970: 420).

<sup>17</sup> En todo o corpus só localizamos un caso claro de posposición, nunha pasaxe certamente confusa na cantiga 1430 [V1020], v. 18:

–Pero Martiiz, mui ben respondestes,  
pero sabia-m'eu esto per min,  
ca todos tres eran senhores i  
das comendas, **comendadores estes**,  
e partistes-mi-o tan ben, que m' é mal.

<sup>18</sup> A lección de B é diverxente, implicando unha crase da forma verbal co art. feminino (“E quant' **ést' a** coita d' amor ...”).

<sup>19</sup> A versión inicial de Michaëlis (*esté*) xa foi rectificada pola propia autora no glosario, após a crítica de Nobiling (1907: 355).

<sup>20</sup> A interpretación de Michaëlis (1990, I: 252), que xa fora corrixida por Nobiling, é seguida na edición de Fernan García Esgaravunha realizada por Spampinato (1987: 113):

E se assi non **est' é**, mia sennor,  
non me dê vosso ben ne voss' amor!



- 266 JSrzcCoe? [A158], v. 20: <este> A<sup>21</sup>  
 Catade, senhor, non vos **éste** mal,  
 ca polo meu non vos venh' eu rogar.
- 1230 PAmigo [B1214, V819], v. 13: <este> BV<sup>22</sup>  
 O cantar **éste** mui dito,  
 pero que o eu non sei.
- 1421 JPrzAv/JSrzcCo [V1011], v. 14: <leste> V  
 e que x' é vosso Toled' e Orgaz,  
 e todo quanto se no mundo faz  
 ca por vós x' **éste** –dized[e-o] assi.
- 1569 JVqzTal/PAmigo [B1550], v. 13: <leste> B<sup>23</sup>  
 ... por que non entendedes  
 que o seu preço e o seu valor  
 todo noss' **éste** pois emperador for?
- 1640 P Pon [B1628, V1162], v. 12 <este> BV<sup>24</sup>  
 Eno abril, quando gran vento faz,  
 o abrigo **éste** vosso solaz.

Neste mesmo grupo debe ser incrito un amplo conxunto de textos en que os manuscritos, nomeadamente procedentes de B, presentan unha forma <est> que xulgamos grafía de inspiración latinizante para *éste*, pois a presenza da vogal final é necesaria para a correcta contaxe métrica do verso:

<sup>21</sup> Michaëlis modificou a lección do *Cancioneiro da Ajuda* (<catade sñor nõ uos este mal> A), editando “Catade, senhor, per vós **est'** é mal..” (1990, I: 318). Para alén da edición que propomos, tamén é certo que <este> podería ser interpretado nesta pasaxe como *esté*, presente de subxuntivo de *estar*.

<sup>22</sup> A lección *éste* é recollida na edición crítica do trobador (Marroni 1968: 266), fronte a unha primeira versión *est' é* de Nunes que corrixiu posteriormente nas notas ás *Cantigas de Amigo* (Nunes 1973, III: 294).

<sup>23</sup> O verso é hipermétrico, o que explica a reconversión de *éste* en *est* en Michaelis (1990, II: 420) e Marroni (1968: 290): “Essendo il v. ipermetro, espungo la -e paragógica di *este*, come in Michaëlis. Il Cunha non rileva l' irregolarità di questo verso e stampa *este*”. Cunha (1982: 158) suxire a mesma opción para a nivelación métrica do verso, que, en todo o caso, coidamos que debería contemplar a conversión de *éste* en *é*. Pola súa parte, a edición crítica deste trobador mantén a forma “este” (Fregonese 2007: 75).

<sup>24</sup> Saverio Panunzio (1992: 135) transcribe incomprendiblemente “o abrigo, **est é** vosso solaz”, coa seguinte nota: “*est é*, con *é* paragóxico. Braga: *est o*; Lapa: *este*, verbo”. Pola súa parte, na edición de Juárez (1988: 220-22) o verso aparece como “o abrigo **est'** e vosso solaz”, mais coa tradución española de “el abrigo es vuestro solaz”.

182 PGarBu [A92, B196], v. 27 <lest> AB<sup>25</sup>

ca nunca pesar prenderei,  
nen gran coita d' amor, nen d' al,  
nen saberei que x' **ést[e]** mal,  
nen mia morte non temerei.

184 PGarBu [A94 (vv. 1-2), B198], v. 15 <est> B

E pois que assi **ést[e]** ja,  
que vos Deus feze máis valer  
de quantas outras no mund' á,  
verdade vos quero dizer.

204 PGarBu [B220], v. 18: <est> B<sup>26</sup>

E des que a vi o primeiro dia  
non me guardei, nen fui ende sabedor,  
nen me quis Deus guardar, nen mia folia:  
non **ést[e]** meu coraçõn traedor  
que mi-a depois aconselhou a veer.

207 PGarBu [B223], v. 11 <lest> B

Mais enquant' eu ja vivo for, por én  
non creerei que o Judas vendeu  
nen que por nós na cruz morte predeu  
nen que filh' **ést[e]** de Santa Maria.

464 Alf X [B464bis], v. 24 <lest> B<sup>27</sup>

Ca o mal que vos foi ferir,  
aquele x' **ést[e]** o noso.

<sup>25</sup> En A aparece un *e* marxinal corrixindo o orixinal <est>. Obsérvese a complexa e artificiosa solución *x' é 'ste* de Michaëlis (1990, I: 195):

Nen saberei que **x' é 'ste** mal,  
nen mia morte non temerei!

<sup>26</sup> O mesmo que Michaëlis (1990, I: 803), Pierre Blasco (1984: 209-211) interpreta *est[e]* como forma demostrativa, despois de corrixir a lección <non> en *nen* (cf. as palabras do editor francés: "Il faut restituer ici la forme complète du démonstratif"):

E des *que* a vi o *primeyro* dia,  
*non* me guardey, *nen* fui ende sabedor,  
*nen* me quis Deus guardar, *nen* mha folia,  
n[e]n **est<e>** meu coraçõn traedor  
que mh a depoyos *conselhou* a veer.

<sup>27</sup> A versión de Nunes (1972: 54) está moi lonxe da lección manuscrita ("aquele meu e non vosso"), recuperada na edición crítica da poesía profana de Afonso X (Paredes 2001: 149), cunha lectura diverxente da que agora presentamos:

714 JLpzUlh [B699, V300], v. 9: <est> BV<sup>28</sup>

El de pran que esto cuida, que **ést[e]** migo perdido,  
ca, se non, logo verria, mais por esto m' é sanhudo.

854 MenRoBri [B858, V444], v. 12: <lest> BV

e pero que sei que lh' **ést[e]** mui greu,  
quer lhi pes, quer lhi praza, ende ja,  
se morto non, nunca me partirei.

1075 JServ [B1074, V664], v. 4: <est> BV<sup>29</sup>

Un día vi mia senhor,  
que mi deu atal amor  
que non direi, per u for,  
quen **ést[e]**, per nulha ren:  
non ous' eu dizer por quen  
mi ven quanto mal mi ven.

1456 RoiPaezRib [B1437, V1047], v. 12: <lest> BV

Quen vee qual cozinha ten  
de carne, se s' i non deten,  
non poderá estimar ben  
se x' **ést[e]** carne, se pescaz.

1497 AiPrzVuit [B1477, V1088], v. 22: <lest> BV

Diz Fernan Diaz: –Ben m' **ést[e]**, porque oferi Monsanto.

1625 FerRdzRed [B1614, V1147], v. 1: <est> BV

Don Pedro **ést[e]** cunhado d' el-Rei,  
que chegou ora aqui d' Aragon  
con un [e]speto grande de leiton.

---

Ca o mal que vos foi ferir  
aquele, x' este o nosso.

<sup>28</sup> A edición de Nunes (1973, II: 120), en versos curtos, resolve a hipometría do verso doutro modo, obrigándoo a establecer unha forma *est*: *El de pran que esto cuida, l que est [co]migo perdido*. Por outra parte, a solución de Rip Cohen (2003: 184), tamén aceptábel, é interpretar *est[é]*, presente de subxuntivo de *estar* (véxase nota 13).

<sup>29</sup> Modificamos a interpretación tradicional deste verso en Nunes (1972: 432), que semellaba considerar a presenza da conxunción *e*:

Hun día vi mha senhor,  
que mi deu atal amor  
que non direy per hu for  
quen **est'[e]** per nulha ren  
*non ous' eu dizer por quen*  
*mi ven quanto mal mi ven.*

1652 P POn [B1640, V1174], v. 2: <est> BV<sup>30</sup>

D' un tal ricome ouç' eu dizer  
que **ést[e]** mui ricom' assaz,  
de quant' en gran requeza jaz.

1667 P POn [B1655, V1189], v. 17: <est> BV<sup>31</sup>

non **ést[e]** rei nen conde,  
mais é-x' outra podestade.

2. Un segundo grupo de cantigas presenta, na nosa opinión, a forma *éste*, aínda que tradicionalmente a secuencia vén sendo interpretada dun modo diferente, xa que, na maioría dos casos, se considerou unha forzada crase da forma demostrativa *este* ou *esto* coa forma verbal *é*, fundamentalmente desde a edición do *Cancioneiro da Ajuda* realizada por Carolina Michaëlis de Vasconcelos:

71 VaFdzSend [A8, B98], v. 6: <este> A, <est> B<sup>32</sup>

ca se sabor avedes i,  
gran ben per-**éste** pora mí.

89 JSrzSom [A23, B116], v. 27: <este> A, <est> B<sup>33</sup>

E se lh' esto disser alguen,  
que **éste** mal, diga-lhe quen  
quis Deus fazer que non cuidasse.

294 RoEaRed [B334], v. 2: <este> B<sup>34</sup>

O que vos diz, senhor, que outra ren desejo  
no mundo máis ca vós **éste** o mui sobejo  
mentira[l] quen o diz ...

<sup>30</sup> Neste caso, na edición de Juárez (1992: 190), *ést[e]* é traducido ao español como 'fue'.

<sup>31</sup> Seguimos a disposición métrica desta cantiga establecida por Montero Santalla (2001: 739-740). Na tradicional edición lapiana en versos longos (Lapa, 1970: 549), o ilustre editor modifica o orixinal <est> en *é* ("Trata-se certamente de erro, por *é*; de contrario, lendo *éste*, o verso tería mais uma sílaba"), respectado nas edicións de Panunzio e mais de Juárez, que afirma: "Las formas *est* y *este* concurren con *é* en los Cancioneros, constituyendo una alternativa métrica y fónica" (Juárez, 1992: 297).

<sup>32</sup> A presenza da forma verbal *éste*, co reforzo *per-* semella indubitábel, fronte a unha interpretación "gran ben per **est'** é pora mí" (Michaëlis 1990, I: 19).

<sup>33</sup> Cf. a edición de Michaëlis (1990, I: 52):

E se lh' esto disser' alguen,  
que **est'** é mal, diga-lhe quen  
quis Deus fazer que non cuidasse.

<sup>34</sup> Na edición de Michaëlis (1990, I: 825) establécese de novo unha crase entre demostrativo e *é*:

O que vos diz, senhor, que outra ren desejo  
no mundo mais ca vos, **est'** é o mui sobejo  
mentido que'-no diz...

302 RoiPaezRib [A191, B342], v. 21: <est é> A, <est e> B<sup>35</sup>

Pero m' ela non ten por seu,  
muí gran verdade vos direi:  
meu mal **éste** quanto ben ei,  
e fora po-lo dizer eu,  
e vi-a tan ben parecer  
[que lhi non pudi ren dizer].

398 JGarGlh [A238], v. 21: <este> A<sup>36</sup>

Mais pois que ja non posso guarecer,  
a por que moiro vos quero dizer:  
“De alguen **éste** filha, de Maria”.

536 Den [B519b, V122], v. 7: <este> BV<sup>37</sup>

tenho que mi fariades gran ben  
de mi dizerdes quanto mal mi ven  
por vós, se vos **éste** loor ou prez.

617 Den [B600, V203], v. 10: <este> BV<sup>38</sup>

Pois me de levar vejo  
que **éste** o seu desejo,  
*pois que a el praz,*  
praz-mi muito sobejo:  
*est' é o meu solaz.*

1658 P Pon [B1646, V1180], v. 6: <este> BV<sup>39</sup>

–Seja-o Pedro Bodinho,  
que **éste** nosso vezinho  
tan ben come Pedr' Agudo.

<sup>35</sup> Modificamos a puntuación e a interpretación –diverxente– deste verso nas edicións anteriores. Cf. “meu mal **est e** quanto ben ei: / e fora... (Michaëlis 1990, I: 375); “meu mal **est'é**, quanto ben ei, e fora...” (Barbieri 1980: 48).

<sup>36</sup> É esta unha solución provisoria, seguramente discutíbel, para unha pasaxe de difícil interpretación nesta cantiga de Joan García de Guilhade, editado tradicionalmente como “diz alguen: “Est' é filha de Maria” (Nobiling 1908; Michaëlis 1990).

<sup>37</sup> A edición de Lang (1972: 41), que establecía *est' é*, xa foi corrixida en Nunes (1972: 138) a prol de *éste*.

<sup>38</sup> Tanto Lang (1972: 98) como Nunes (1973, II: 51) consideran a existencia da crase *est' é* neste verso como no refrán.

<sup>39</sup> De novo aparece en Panunzio (1992: 181) a mesma forma *est é* e mais o mesmo comentario que na cantiga 1640, v. 12 (véxase nota 24). Neste caso, a forma editada por Juárez (1992: 239), novamente *est' é*, é traducida como “es”.

Noutros dous contextos, a secuencia foi interpretada como unha crase entre o demostrativo e a conxunción *e*, que xulgamos dificilmente xustificábel dun punto de vista sintáctico e interpretativo:

290 JPrzAv? [A183], v. 22: <est é> A<sup>40</sup>  
E melhor **éste**, mais sera meu ben  
de morrer cedo e non saberen quen  
é por quen moir' e que sempre neguei.

1097 PAmigo [B1095, V686], v. 13: <est e> BV<sup>41</sup>  
Mais non o **éste**, pois quis Deus assi,  
que por seu nunca me quis receber.

Finalmente, a secuencia <este> de BV foi lida como demostrativo por estudiosos como Michaëlis, Panunzio ou Juárez nunha pasaxe onde coidamos que, de novo, debe ser interpretada como forma verbal de *seer*:

987 PPon [B985, V572], v. 5: <Este> B, <este> V<sup>42</sup>  
O mui bon rei que conquis a fronteira  
e acabou quanto quis acabar

<sup>40</sup> A única posibilidade de interpretar a existencia da conxunción *e* sería a consideración dunha construción copulativa reforzada *e mais*, extremadamente frecuente en galego moderno mais ausente do poesía dos trobadores: “E melhor **est, e** mais será meu ben, / de morrer...” (Michaëlis 1990: 361).

<sup>41</sup> A consideración da conx. *e* esixe forzar a sintaxe para ligar sintacticamente “Mais non o ést’” con *sey* no final da estrofa, como acontece na edición de Nunes (1972: 468-469), con deficiente puntuación, e de Giovanna Marroni (1968: 241-242):

Mays non o **est', e**, poys quis Deus assy,  
que por seu nunca me quis receber,  
se, meus amigus, podess'eu poner  
que fosse seu, sey já muy ben per min  
que non averya coyta d'amor;  
[se esta dona fosse mha senhor].

<sup>42</sup> Véxase o texto na última das edicións (Juárez 1992: 161):

O muy bon rey que conquis a fronteyra  
e acabou quanto quis acabar,  
e que se fez con razon verdadeyra  
[en] tod(o) o mundo temer e amar.  
**Este** bon rey de prez, valent'e fis,  
rey don Fernando, bon rey que conquis  
terra de mouros ben de mar a mar.

A interpretación de <este> como simple demostrativo nas edicións de Michaëlis, Panunzio e Juárez deixa toda a estrofa sen verbo principal, que necesariamente ten de residir nesa secuencia, que tamén podería ser lida como *est'é*.

e que se fez con razon verdadeira  
[en] todo o mundo temer e amar  
**éste** bon rei de prez, valent' e fis,  
rei don Fernando, bon rei que conquis  
terra de mouros ...

3. Un terceiro grupo de cantigas presenta unha secuencia <este> en que semella razoábel –indubitábel en bastantes contextos– considerar a crase dunha forma demostrativa de primeira persoa (*este, esta, esto*) coa forma verbal *é* (*est' é*):

242 RoiQuei [A136, B257], v. 15: <esté> A, <este> B  
Ca, de pran, **est' é** oje máis de ben  
que ei, pero que sōo sabedor  
que assi morrerei ...

276 JSrCoe [A169, B320], v. 14: <est é> A  
E se por **est' é**, mal día naci!

887 MartMo [A307, B895, V480], v. 26: <est é> A  
... mais, **est' é** meu mal,  
*contra mia desaventura*  
*non val amar nen servir,*  
*nen val razon nen mesura,*  
*nen val calar nen pedir.*

889 MartMo [B897, V482], v. 13: <este> BV  
..., ca **est' é** o meu ben  
e aquest' é meu viço e meu sabor!

971 AfEaCot/PPon [B969, V556], v. 22: <este> BV  
–Afons' Eanes, **est' é** meu mester,  
e per esto dev' eu guarecer  
e per servir donas quanto poder.

1062 PVeer [B1060, V650], v. 17: <este> BV  
e vós, fremosa mia senhor,  
nos vos queredes én doer  
e por **est' é** meu mal viver,  
ai mia senhor, per bōa fe.

1114 Lopo [B1112, V703], v. 7: <este> BV  
E non ach' eu razon e por **est' é**:  
porque m' ei de guardar e de temer  
de mi-o saberem, ...

1237 JBav/PAmigo [B1221, V826], v. 32: <este> BV  
este faz mal, assi Deus me perdon,  
e **est' é** sandeo e estoutro non.

1281 Lour [B1265, V870], v. 13: <estel> BV  
Ca **est' é** l'ome que máis demandava  
e non ar quis que comigo falasse.

1381 MartSrz [B1363, V971], v. 19: <este> BV  
E aconselhava eu ben  
a quen el don pedisse,  
desse-lho log' e, per ren,  
seu cantar non oisse,  
ca **est' é**, ai meu senhor,  
o jogar braadador  
que nunca bon son disse.

1387 MartSrz [B1369, V977], v. 10: <este> BV  
E pois a dona Caralhote viu  
antre sas mãos, ouv' én gran sabor  
e diz: –**Est' é** o falso treedor  
que m' ogano desonrou e feriu.

4. Mais noutro amplo conxunto de cantigas existe a dupla posibilidade de lectura *éste* / *est' é* (e un contexto de *éste* / *est' é*), ambas as dúas posíbeis sintáctica e semanticamente, aínda que na maioría dos contextos a segunda semella máis probábel:

65 VaFdzSend [A2, B92], v. 4: <este >A, <lest> B<sup>43</sup>  
Senhor fremosa, grand' enveja ei  
eu a tod' ome que vejo morrer,  
e, segund' ora o meu conhocer,  
enquant' **est' é**, faço mui gran razon.

130 MartSrz [A43, B155], v. 17: <este> AB<sup>44</sup>  
E saberia d' algun ben mandado  
de que oj' eu non sño sabedor,  
mais sei que **est' é** deseij' e cuidado.

<sup>43</sup> A lección de B parece suxerir unha forma *ést[e]*.

<sup>44</sup> O verso permite outras lecturas alternativas: “mais sei que **éste** desejo e cuidado” (xa proposta por Nobiling en 1907), “mais sei que **este** deseij' é cuidado”.



163 NuFdztor [A74, B187], v. 13 <est e> A, <este ei> B<sup>45</sup>

Que prol vos á de eu estar  
sempre por vós en grand' afan?  
E **est' é** mui grande, de pran.

503 Den [B505, V88], v. 11: <este> BV

... sei per gran ben  
lhi querer máis ca min nen al,  
e, se aquest' é querer mal,  
**est' é** o que a min aven / ...

503 Den [B505, V88], v. 17: <este> BV

... se per servir  
e pe-la máis ca min amar,  
se **est' é** mal, a meu cuidar,  
este mal non poss' eu partir, / ...

568 Den [B551, V154], r2 <este> BV

Por Deus, senhor, pois per vós non ficou  
de mi fazer ben, e ficou per mí,  
teede por ben, pois assi passou,  
en galardón de quanto vos servi,  
*de mi teer puridade, senhor,*  
*e eu a vós, ca **est' é** o melhor.*

617 Den [B600, V203], r2: <este> BV

Pois que diz meu amigo  
que se quer ir comigo,  
pois que a el praz,  
praz a mí, ben vos digo:  
**est' é** o meu solaz.

634 EstGuar [B619, V220], v. 5: <este> B, <est el> V<sup>46</sup>

e, mia senhor, **est' é** gran mal sobejo  
meu e meu gran quebranto:

<sup>45</sup> A lección de B semella confirmar como correcta a interpretación *est' é*, mais tamén habería a posibilidade de lermos: “É este mui grande, de pran”.

<sup>46</sup> Pagani (1971: 78) reconece que neste caso “non si può escludere però la lettura *este*”, o cal levaría a unha outra puntuación do texto:

e, mia senhor, **éste** gran mal sobejo  
*meu e meu gran quebranto*  
seer eu de vós, por vos servir quanto  
posso, mui desamado.

seer eu de vós, por vos servir quanto  
posso, mui desamado.

639 EstGuar [B624, V225], v. 10: <este> B, <est el> V

Ben entend' eu que logar deve aver  
o que ben serve de pidir, por én,  
ben con razon, mais **est' é** tan gran ben  
que lhi non pod' outro ben par seer.

782 JGarGuilh [B785, V369], v. 20: <este> BV

–Vó-lo andades dizendo,  
amiga, **est' é** verdade, / ...

924 PGot [B921, V509], v. 12: <este> BV

... e, pero **est' é** assi,  
aven-m' ende o que eu non mereci:  
gran desamor que m' ela por én ten.

993 PPon [B990, V578], v. 24: <Est e> B<sup>47</sup>

Rei d' Aragon, rei do bon sén,  
rei de prez, rei de todo ben  
**ést', e** rei d' Aragon, de pran.

1272 GalFdz [B1256, V861], v. 20: <este> BV

Veja-se vosc' e perderá pavor  
que á de vós, e **est' é** o melhor.

1403 PGarBu [B1384, V993], v. 18: <este> BV

e **est' é** pola casa molhada  
en que as mete, na estrabaria.

1446 PedroPort [V1037], v. 4: <est e> V

Alvar Rodriguez, monteiro maior,  
sabe ben que lhi á' l-Rei desamor,  
porque lhe dizen que é mal feitor  
na sa terra; **est' é** cousa certa  
ca diz que se quer ir ...

---

<sup>47</sup> A consideración da forma *éste* esixe unha mudanza de puntuación:

Rei d' Aragon, rei do bon sén,  
rei de prez, rei de todo ben  
**éste:** rei d' Aragon, de pran.

1467 JGai [B1448, V1058], v. 4: <este> BV<sup>48</sup>

Come asno no mercado  
se vendeu un cavaleiro  
de Sanhoan' a Janeiro,  
tres veces –**est'** é provado.

1637 PaiGmzCha [B1625, V1159], v. 21: <este> BV

e do que diz que a revolverá,  
ant' esto faça, se non, matar-s' -á,  
ca **est'** é o começo do lavor.

### 3. Cabo

O inventario da forma *éste* na lírica profana galego-portuguesa podería ser aínda máis amplo se considerarmos lecturas alternativas ás tradicionais que establecen formas demostrativas de primeira persoa que poden encubrir directamente a forma *éste* ou unha crase *ést'* + vogal. Véxase, por exemplo, a real posibilidade de editar “[É] esta coita, que mi a morte ten / tan chegada...” (1056 MartPrzAlv [B1054, V644], v. 13) como “[E] **ést'** a coita, que mi a morte ten / tan chegada...”, con aparición de *ést'* e deslocamento do acento á segunda sílaba, frecuente en toda a cantiga. E o mesmo acontece en contextos tradicionalmente lidos como *m' é esta* que poden ser interpretados como *me ést' a*: 551 Den [B534, V137], v. 28: “ca morte m' é esta vida” vs. “ca morte me **ést'** a vida”; 946 JAi [B943, V531], v. 7: “Tan grave m' é esta coita en que me ten” vs. “Tan grave me **ést'** a coita en que me ten”. Ou, por pór algúns exemplos de teor aínda máis interpretativo, un verso como “ca esta morte non é jograria” (398 JGarGlh? [A238], v. 14) sempre podería ser lido como “ca **ést'** a mort' e non é jograria”, do mesmo modo que “este pesar é pesar con razon” pode ser transcrito tamén como “**éste** pesar, e pesar con razon” (1533 PMaf [B1514], v. 16).

Algo semellante pode acontecer coa forma verbal *está*, tamén susceptíbel nalgúns contextos de ser lida como unha crase de *éste*, como, por exemplo, establece Cohen (2005: 214) na cantiga 741 RoEaVasc [B726, V327], v. 4, a través dunha adición para resolver a hipometría do verso: “mais en vossa prison / **ést'** [or]a quite por vós d' outra ren”.

Finalmente, aínda fican outras formas de *éste* que por veces foron hipotizadas para resolver versos hipométricos<sup>49</sup>. Cf., por exemplo, “se non a mi, dizen que **é[ste]** mal

<sup>48</sup> Contra a práctica xeral, neste caso Lapa (1970: 303) interpreta a presenza de *éste*, que é, evidentemente, posíbel.

<sup>49</sup> Ás veces son solucións extremadamente hipotéticas para resolver pasaxes manuscritas deturpadas: “e por est', amiga[s], **é[ste]** te judo” (784 JGarGuilh [B787/V371], v. 12), que, na edición de Rip Cohen presenta outro texto: “e por est', amiga<s>, é <a>budo” (Cohen 2005: 251).

/mias amigas e que faço mal sén” (742 RoEaVasc [B727, V328], v. 3); “Qual é[st’ o] voss’ amigo que mi vos pedia?” (663 NuFdzTor [B648, V249], v. 4), esixido polo paralelismo co v. 2; “ou que [é]st’ est’ ou por que o fazedes” (823 AfEaCot [B825, V411], v. 18), verso paralelo ao primeiro do refrán da cantiga: “que ést’ aquest’ ou por que o fazedes”.

Mais tamén é certo que a revisión do corpus tamén implica a eliminación de formas de *éste* que son produto de opcións editoriais discutíbeis ou de lecturas probablemente erradas: Cohen (2005: 342), polo paralelismo co primeiro verso da estrofa anterior, edita “Falarei con el, pois está [a]ssi” o verso tradicionalmente establecido como “Falarei con el[e], pois ést’ assi” (1004 RoiMrzUlv [B1000, V589], v. 15). E noutros casos, son simples erros de lectura, como a forma editada por Lang (“*est* a molher”) seguindo V, cando en B aparece a lección correcta: “... mais non vos direi eu qual / é a molher; mais tanto vos direi” (528 Den [B520a, V113, T7], v. 4).

A frecuencia da documentación de *éste* (quer na súa forma plena, quer na que presenta crase) desmente, pois, o carácter excepcional atribuído a esta forma na maioría das edicións, mostrando que é moito máis frecuente do que recollen os textos críticos ou os glosarios, ao tempo que tamén se pode documentar excepcionalmente perante vogal. É máis, a distribución de *éleste* nas *Cantigas de Santa Maria*<sup>50</sup>, que non son obxecto deste relatorio, confirma exactamente o mesmo comportamento das dúas variantes verbais en causa<sup>51</sup>: a forma *éste* na súa forma plena é máis frecuente na poesía relixiosa de Afonso X do que na lírica profana, pois localizamos até trinta e seis casos perante consoante<sup>52</sup>, a carón de cinco contextos en que *éste* aparece perante vogal<sup>53</sup>.

<sup>50</sup> Seguimos a clásica edición de Mettmann (1986-1989), así como a súa numeración dos versos.

<sup>51</sup> Aínda hai que acrecentar algún contexto máis en que a forma <est> dos manuscritos tamén debe ser corrixida para *ést[e]* por necesidades métricas (véxase 149.44, 185.10, 297.11, 386.56). Considérese aínda un caso de [*éste*] en 165.56.

<sup>52</sup> Véxase CSM A.22, 46.47, 48.11, 95.60, 121.41, 175.7, 199.14, 219.12, 221.8, 247.27, 250.8 e 10, 271.43, 272.35, 273.3 (=r1), 275.21, 292.23, 295.25, 315.41, 322.3 (=r1) e 43, 328.10, 328.25, 332.13 e 16, 340.43, 344.6, 352.38, 358.8, 366.41, 368.41, 371.7, 372.3 (=r1), 385.27, 393.8, 414.4.

<sup>53</sup> Véxase CSM 31.8, 220.8, 225.11, 328.12, 364.8 382.4 (=r1). Para alén destes casos, rexístranse tamén formas con crase da vogal final perante as formas do artigo *o*, *a* (CSM B.17, 135.101, 274.30, 328.23), do indefinido *hũa* (CSM 306.20), dos adverbios *aquí* e *assi* (CSM 402.21, 425.37), da prep. *a* (CSM 142.51), da conx. *e* (CSM 261.61, 380.47, 402.20, 418.18) e do participio *apparellada* (CSM 297.15).

#### 4. Referencias bibliográficas

- Barbieri, M. (1980): “Le poesie di Roy Paez de Ribela”, *Studi Mediolatini e Volgari*, 27: 7-104.
- Blasco, P. (1984): *Les chanson de Pero Garcia Buralês, troubadour galicien-portugais du XIII<sup>e</sup> siècle* (Paris: Fundação Caloute Gulbenkian / Centro Cultural Português).
- Brea, M. (coord.) (1996): *Lírica Profana Galego-Portuguesa* (Santiago de Compostela: Xunta de Galicia).
- Cancioneiro da Biblioteca Nacional (Colocci-Brancuti). Cód. 10991* (1982) (Lisboa: Biblioteca Nacional / Imprensa Nacional-Casa da Moeda).
- Cancioneiro Português da Biblioteca Vaticana (Cod. 4803)* (1973) (Lisboa: Centro de Estudos Filológicos / Instituto de Alta Cultura).
- Cohen, R. (2003): *500 Cantigas d’Amigo* (Lisboa: Campo das Letras).
- Cunha, C. Ferreira da (1982): *Estudos de Versificação Portuguesa (Séculos XIII a XVI)* (Paris: Fundação Calouste Gulbenkian / Centro Cultural Português).
- Ferreira, M. P. (2005): *Cantus Coronatus. 7 Cantigas d’El-Rei Dom Dinis* (Kassel: Reichenberger).
- Ferreiro, M. / Martínez Pereiro, C. P. / Tato Fontañá, L. (eds.) (2007): *Normas de edición para a poesía trobadoresca galego-portuguesa / Guidelines for the Edition of Medieval Galician-Portuguese Troubadour Poetry* (A Coruña: Universidade da Coruña).
- Fregonese, R. (ed.): *Joham Vaasquiz de Talaveyra, Poesie e Tenzoni* (Milano: Edizioni Spolia).
- Juárez, A. (1992): *Pero da Ponte* (Granada: TAT).
- Lang, H. R. (1972) [1894]: *Das Liederbuch des Königs Denis von Portugal* (New York: Georg Olms Verlag).
- Lapa, M. Rodrigues (1970) [1965]: *Cantigas d’Escarnho e de Mal Dizer dos Cancioneiros Medievais Galego-Portugueses* (Vigo: Galaxia).
- Lopes, G. Videira (2002): *Cantigas de Escárnio de Maldizer dos Trovadores e Jograis Galego-Portugueses* (Lisboa: Estampa).
- Lorenzo, R. (ed.) (1974): *La traducción gallega de la Crónica General y de la Crónica de Castilla*. Vol. II: *Glosario* (Ourense: Instituto de Estudios Orensanos “Padre Feijoo”).
- Maia, C. de Azevedo (1986): *História do Galego-Português. Estado Lingüístico da Galiza e do Noroeste de Portugal desde o século XIII ao século XVI* (Coimbra: Instituto Nacional de Investigação Científica).
- Marroni, G. (1968): “Le poesie di Pedr’ Amigo de Sevilha”, *Annali dell’Istituto Universitario Orientale*, 10: 189-340.

- Mettmann, W. (1972): *Alfonso X el Sabio. Cantigas de Santa Maria*. Vol. IV (*Glossário*) (Coimbra: Universidade de Coimbra).
- Mettmann, W. (ed.) (1986-1989): *Alfonso X el Sabio. Cantigas de Santa Maria*. 3 vols. (Madrid: Castalia).
- Michaëlis de Vasconcelos, C. (1990) [reimpressão facsimilada da ed. de Halle, 1904]: *Cancioneiro da Ajuda*. 2 vols. (Lisboa: Imprensa Nacional / Casa da Moeda).
- Montero Santalla, J. M. (2001): *As Rimas da Poesia Trovadoresca Galego-Portuguesa: Catálogo e Análise*. Tese de Doutoramento (inérita), Universidade da Coruña.
- Nobiling, O. (1907): “Zu Text und Interpretation des ‘Cancioneiro da Ajuda’”, *Romanische Forschungen*, 23: 339-385.
- Nobiling, O. (1908): “As cantigas de D. Joan Garcia de Guilhade, Trovador do século XIII”, *Romanische Forschungen*, 25: 641-719.
- Nunes, J. J. (1972) [1932]: *Cantigas de Amor dos Trovadores Galego-Portugueses* (Lisboa: Centro do Livro Brasileiro).
- Nunes, J. J. (1973) [1926-1928]: *Cantigas de Amigo dos Trovadores Galego-Portugueses*. 3 vols. (Lisboa: Centro do Livro Brasileiro).
- Pagani, W. (1971): “Il Canzoniere di Estevan da Guarda”, *Studi Mediolatini e Volgari*, 19: 53-179.
- Panunzio, S. (1991): *Pero da Ponte. Poésías* (Vigo: Galaxia).
- Paredes, J. (2001): *El cancionero profano de Alfonso X el Sabio*. Edición crítica con introducción, notas y glosario (Roma: Japadre).
- Rodríguez, J. L. (1980): *El cancionero de Joan Airas de Santiago*. Anexo 12 de *Verba* (Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela).
- Spampinato Beretta, M. (1987): *Fernan Garcia Esgaravunha. Canzoniere* (Napoli: Liguori Editore).
- Stegagno Picchio, L. (ed.) (1968): Martin Moya, *Le poesie* (Roma: Edizioni dell’Ateneo).